



PINGAS

Unha pinga, dúas pingas... Outra vez, dúas da mañá. Espertei de súpeto. As pingas da billa rompían o silencio da casa. Todos os días o mesmo. A dona da casa xa mo advertira, o fontaneiro xa lle dixera que non atopara problema ningún.

Tres pingas, catro pingas... Non cría a historia que me contaran desta casa, non era lóxica. Quen ía crer que nesta casa, dende tempos inmemoriais, só vivían mulleres soas que escoitaban á noite pingas de auga ata que de súpeto escoitaban dez pingas e morrían afogadas nas circunstancias máis estrañas?

Cingo pingas, seis pingas... Eu levaba dúas semanas alí e, a excepción de escoitar oito pingas cada noite, non me pasara nada fóra do normal.

Sete pingas, oito pingas... Xa chegara a conta ao final e, coma sempre dei a volta na cama e deixei a porta da habitación á miña espalda. Pechei os ollos e tentei durmir; e case caera nun sono profundo...

Nove pingas, dez pingas. Non podía ser, tiña que ser o cansazo! Do cuarto de baño comecei a oír unha voz... Erguinme e fun ver que pasaba, esperaba que fora imaxinación miña, pero no meu interior... Sabía que non era así.

Noelia Carollo Abelaira

2º Bac-C